

---

RIOTORTO

*Anuncio*

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 04/04/08 aprobou a modificación do réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación, modificación que é a seguinte:

Recoñecer o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, Infraestructuras e Servizos relacionados co Medio Ambiente unha ampliación no seu horario de traballo que pasará a ser o seguinte: De luns a venres de 10 a 14 horas. Sen que o mesmo teña incidencia ningunha nas retribucións do referido concelleiro que serán sendo as mesmas que se aprobaron en data 05/11/07.

Riotorto, 10 de abril de 2008.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 01868

---

*Edicto*

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 04/04/08 adoptou o seguinte acordo:

1. Suprimir o ficheiro de " deudores-acreedores" inscrito na Axencia de Protección de Datos co nº 1943070004.

As características do ficheiro son as seguintes:

a) Finalidade dos ficheiros e usos previstos para os mesmos:

Realización da Contabilidade Municipal.

b) Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter os datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Tódolos acreedores e provedores do Concello.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Datos facilitados polos suxeitos pasivos, persoas físicas ou xurídicas.

d) Estructura básica do ficheiro automatizado e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos

no mesmo: NIF, domicilio, números de teléfono, e fax e domiciliación bancaria se procede.

e) Cesión de datos de carácter persoal: Non se prevén.

f) Órgano de administración responsable automatizado: Concello.

g) Servizos ou unidades ante os que se puidera exercitar os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Concello de Riotorto, con domicilio na Praza das Rodrigas nº 1, 27744 Riotorto representado polo Alcalde-Presidente polo Pleno cando fose necesario.

2. Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de anuncios.

3. Comunicar este acordo a Axencia de Protección de Datos.

Riotorto, 10 de abril de 2008.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 01869

---

*Anuncio*

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 04/04/08 aprobou provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa polos documentos que expida ou que entenda a Administración ou as autoridades locais a instancia de parte.

A ordenanza e o acordo xunto co resto do expediente expóñense o público na Secretaría deste Concello polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte a inserción deste edicto no BOP e no taboleiro de anuncios.

As reclamación deberán de presentarse nas oficinas municipais e irán dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente.

De non producirse reclamacións o acordo provisional entenderase elevado a definitivo e a o ordenanza definitivamente aprobada.

Riotorto, 10 de abril de 2008.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 01870